

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ORDE do 13 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 1.3.d) que a protección da maternidade é unha necesidade social e que todas as cargas e coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización das fillas e fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituír discriminación gravosa para as mulleres.

Neste sentido, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñece no seu artigo 6 como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

De conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, atribúese á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas públicas de apoio á familia e á infancia, así como a promoción e adopción das medidas de conciliación que garanten un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias.

O Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, Horizonte 2020, recolle como un dos seus obxectivos estratéxicos o de ampliar e consolidar as medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e constitúe unha das súas medidas prioritarias a promoción e a diversificación dos servizos de atención á infancia.



A atención das necesidades de conciliación das familias galegas é igualmente unha das áreas estratéxicas do Programa de apoio á natalidade (PAN), un programa posto en marcha pola Administración autonómica co obxectivo de dar unha resposta global ás necesidades das nais e dos pais galegos de forma que se garanta o benestar das familias e estas sexan apoiadas dun xeito integral e continuo.

Por iso, e tendo en conta a experiencia doutros países europeos imitadas xa noutras comunidades autónomas, o Goberno da Xunta de Galicia considera de interese seguir potenciando un recurso inspirado na figura da *assistante maternelle* francesa ou *childminder* do Reino Unido, que atende, a miúdo no seu propio domicilio, grupos reducidos de nenos e nenas.

En consonancia co anterior, esta orde de convocatoria diríxese a apoiar novamente a posta en marcha de experiencias piloto nos núcleos rurais de Galicia que por mor da súa escaseza de poboación carecen de recursos de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade, coa finalidade de que as ditas experiencias piloto poidan garantir a futura posta en marcha eficiente de servizos de conciliación formalmente regulados baixo a denominación de «casas niño».

Estes servizos, baixo a denominación de «casas niño», proporcionarán atención a nenos e nenas en pequenos grupos, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade.

Con esta actuación aténdense as necesidades de conciliación das familias e favorécese a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia. Ao mesmo tempo pónense en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral e a súa permanencia no territorio e contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico.

Por outra banda impulsárase e apoiárase a prestación destes servizos de atención á infancia mediante fórmulas de autoemprego e de economía social, que teñen demostrado ser eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio.

Con esta estratexia preténdese crear oportunidades vitais para reter e atraer poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial, aspectos ambos os dous especialmente importantes en territorios afectados polo declive demográfico, como as áreas rurais de Galicia, nomeadamente as de interior, onde a fixación de poboación se presenta como unha cuestión prioritaria e as oportunidades laborais como un pilar de desenvolvemento.



En consecuencia, como un elemento máis de avance na corrección dos desequilibrios territoriais e demográficos que experimenta Galicia, a través desta orde prestarase especial atención a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación, para contribuír á revitalización demográfica e á cohesión territorial.

A xestión desta experiencia piloto realízase por convocatoria pública de axudas baixo o procedemento de concorrencia competitiva e está financiada parcialmente polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no programa operativo de Galicia 2014-2020, eixe prioritario 10, prioridade de investimento 05, obxectivo específico 01.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, enmárcase no programa operativo Feder Galicia para o período 2014-2020, de conformidade co disposto no artigo 125.3. e) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello; e no Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de axudas para a posta en marcha de experiencias piloto destinadas á atención de nenas e nenos de ata tres anos de idade, mediante o establecemento dunha casa niño, nos núcleos rurais do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en que non exista



ningún outro recurso de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade (código de procedemento BS403C).

Para os efectos desta orde considéranse núcleos rurais os concellos de menos de cinco mil habitantes e enténdese por recursos de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade as escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais, as escolas infantís 0-3 dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e as escolas infantís 0-3 dependentes das entidades privadas de iniciativa social que reciban axudas da Xunta de Galicia para mantemento do centro. Así mesmo, considerarase que existen estes recursos se están en construción ou previstos nun documento de planificación da Administración autonómica ou local.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas axudas para a posta en marcha do proxecto piloto de casas niño durante os anos 2017, 2018, 2019 e 2020.

Artigo 2. *Características do proxecto piloto*

1. A casa niño ofrecerá unha atención integral e personalizada a nenos e nenas en idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, a cal comprenderá a atención específica das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa súa idade e a contribución ao seu desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social. A este respecto deseñárase e organizarase un ambiente que faga posible a construción das primeiras aprendizaxes de identidade e autonomía persoal, de relación co contorno e de comunicación social, sempre en estreita colaboración coas familias.

2. Este proxecto piloto desenvolverase con carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna e de luns a venres durante todo o ano, agás os días festivos e un mes cada doce, no cal a casa niño permanecerá pechada por vacacións.

3. Salvo as excepcións contidas no punto anterior, o proxecto debe manterse en funcionamento ininterrompidamente durante todo o ano, polo que é necesario contar cunha persoa que substitúa a titular no caso de enfermidade ou dalgunha situación de emerxencia.

4. A atención prestada comprenderá o servizo de cociña, entendendo por este quenta, alimentos, a hixiene dos nenos e nenas e o desenvolvemento de actividades de tipo educativo, como obradoiros e xogos e acompañamento no xogo libre. En todo caso serán achegados polas familias tanto o leite e os alimentos xa cociñados como o material de hixiene, tales como cueiros, toallíñas ou cremas.



5. As familias poderán levar aos nenos e ás nenas un máximo de oito horas diarias nun horario flexible que se pactará co/coa profesional que desenvolva o proxecto piloto. Tamén se pactará coas familias o mes, ou parte proporcional ao período de desenvolvemento do proxecto no suposto da anualidade 2017, en que a casa niño permanecerá pechada por vacacións.

6. Cada casa niño terá un máximo de cinco prazas e para os efectos desta orde as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo suporán dúas prazas; non poderá, en ningún caso, haber máis dun neno/a con estas necesidades por casa.

Os nenos e nenas que acudan á casa niño deberán estar en todo caso empadroados/as no concello en que esta se sitúe ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade.

No suposto de que haxa unha demanda de prazas superior ás que se ofertan, circunstancia que deberá ser posta en coñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a admisión efectuarase en primeiro lugar en función do empadramento no concello e, de ser aínda necesario, segundo criterios de renda, de acordo co baremo e puntuación establecido no anexo VII.

7. Para acceder ao financiamento previsto é necesario que no concello onde se propoña o desenvolvemento do proxecto exista un mínimo de cinco nenos/as potenciais usuarios/as. Igualmente é preciso que se atenda un mínimo de nenos/as, que na primeira anualidade de desenvolvemento do proxecto piloto se establece en tres, número mínimo que, por falta de demanda, poderá baixar a dous nas sucesivas anualidades, circunstancia que en todo caso deberá ser comunicada e debidamente xustificada á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Artigo 3. *Financiamento*

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de dous millóns catro centos dez mil euros (2.410.000 €), distribuído en catro anualidades e que se imputará ás aplicacións orzamentarias que se indican:

Aplicación	Importe 2017	Importe 2018	Importe 2019	Importe 2020	Importe total
12.02.312B.770.0	450.000 €		-----	-----	450.000 €
12.02.312B.470.0	196.000 €	588.000 €	588.000 €	588.000 €	1.960.000 €
Total	646.000 €	588.000 €	588.000 €	588.000 €	2.410.000 €



2. A partida 12.02.312B.770.0 destinarase ao financiamento de gastos de investimento e estará cofinanciada no 80 % con fondos do programa operativo Feder de Galicia 2014/2020.

3. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 4. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas para poñer en marcha unha casa niño as persoas físicas e as cooperativas de traballo asociado que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión ou contar, cando menos, cunha persoa socia, no caso de cooperativas de traballo asociado, de calquera das titulacións que se recollen a seguir, ou equivalente, ou da formación ou experiencia seguintes:

1º. Técnico/a superior en educación infantil.

2º. Grao en mestre/a de educación infantil/educación primaria.

3º. Grao en pedagogía, psicoloxía ou educación social.

4º. Diploma que acredite ter realizado o curso de formación integral ou o curso de formación complementaria para futuros/as profesionais das casas niño impartidos pola Xunta de Galicia.

5º. Formación acreditada en áreas relacionadas coa atención á infancia e coidados infantís, ou experiencia profesional acreditada neste ámbito.

b) Residir nun núcleo rural en que non exista ningún recurso de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade, ou facelo con anterioridade á posta en marcha da experiencia piloto.



c) Contar cun inmovible nun núcleo rural en que non exista ningún recurso de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade, ou dispoñer del con anterioridade á posta en marcha da experiencia piloto. O dito inmovible estará dotado cos seguintes recursos:

1º. Sistema de calefacción que cubra todas as estancias dedicadas ao desenvolvemento da iniciativa e conte coa protección dos elementos calefactores precisa para evitar as queimaduras por contacto, os atrapamentos ou outros riscos para a integridade das e dos menores.

2º. Unha sala con iluminación e ventilación naturais directas e un mínimo de 20 metros cadrados, distribuída e organizada con criterios de flexibilidade para dar resposta ás distintas necesidades das nenas e nenos de 0-3 anos.

3º. Dúas zonas, unha para o descanso e outra para a hixiene infantil. A zona de descanso e, se é o caso, o mesado cambiador poderán estar integrados na sala principal.

4º. Unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos dotada, cando menos, dun mesado, frigorífico, vertedoiro e microondas.

5º. Elementos de protección: enchufes de seguridade infantil sempre que se sitúen por debaixo de 1,5 metros, protectores de dedos nas dúas caras das portas, seguros de ventás, barreira de seguridade con porta en zonas con diferentes alturas ou escaleiras e extintor/es para a protección contra incendios.

6º. Un mobiliario e equipamento básico para a atención das nenas e nenos que incluírá como mínimo: cambiador de cueiros, berces, sabas, mantas, colchóns, contedor de cueiros, ouriñais, tronas, hamacas, adaptadores de inodoro e materiais didácticos e de xogo adecuados para as idades dos nenos e nenas e con marcación CE.

En todo caso, o mobiliario deberá ter bordos romos ou protectores que os cubran para que careza de arestas. Así mesmo, na sala e na zona de descanso, no suposto de estar nunha estancia separada, os materiais dos solos e das paredes ata unha altura de 1,5 metros deberán ser cálidos, lisos, non porosos, facilmente lavables e aptos para a súa desinfección. Na sala deberá crearse unha superficie continua e antideslizante, adecuada para gatear.

As estancias e zonas anteriormente citadas deben estar situadas nun único andar. No caso de tratarse dun inmovible non destinado a vivenda, este deberá estar ademais en planta baixa.



d) Dispoñer dun plan de actuación cos nenos/as para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa niño.

e) Establecerse como empresaria/o autónoma/o ou constituír unha cooperativa de traballo asociado.

f) Acreditar unha revisión médica anual. No caso de cooperativas de traballo asociado, esta revisión médica deberá estar referida á/s persoa/s socia/s que desenvolvan o proxecto piloto.

2. O requisito establecido na letra a) do punto anterior deste artigo deberá cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O resto de requisitos previstos no punto anterior deste artigo deberán acreditarse no prazo de dous meses desde a recepción da resolución de concesión, ampliable a tres para os supostos de constitución dunha cooperativa de traballo asociado. Todos os requisitos previstos no número 1 deberán manterse durante o período de permanencia da actividade. Respecto das cooperativas de traballo asociado, de non estaren constituídas, no momento de presentación da solicitude deberán ter iniciado os trámites para a súa constitución.

3. As persoas solicitantes deberán acreditar mediante declaración responsable que non están incursoas en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiarias.

Artigo 5. *Accións e gastos subvencionables*

1. Serán subvencionables ao abeiro desta convocatoria os gastos derivados das seguintes actuacións:

a) A reforma e adaptación do inmovible destinado a servir de casa niño así como o seu equipamento e dotación material nos termos previstos no artigo 4.

b) A prestación da atención personalizada de nenos e nenas de 0-3 anos nas condicións previstas no artigo 2.

2. Os gastos previstos na letra a) do punto 1 deste artigo, para seren subvencionables, deberán ser necesarios e corresponderse de maneira indubidable á operación cofinanciada. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 65.6 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, só serán subvencionables



aquelas operacións que non estean totalmente finalizadas no momento da presentación da solicitude de axuda e sexan efectivamente pagadas con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto para a anualidade 2017 nesta base reguladora.

Sempre que o custo elixible do investimento que se subvenciona supere os 50.000 euros no caso de obras ou os 18.000 euros no caso de equipamento, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de distintos provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben. A elección dunha das ofertas fundamentarase sempre en criterios de aforro.

Non será necesario acreditar as tres ofertas no caso de que polas especiais características dos gastos que se subvencionan non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan ou presten. A persoa beneficiaria neste suposto debe prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

3. Os gastos previstos deberán ser especificados na solicitude, coa súa planificación por anualidades tendo en conta que os investimentos só serán elixibles no 2017.

4. De acordo co disposto no artigo 69.3 c) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, non se considera subvencionable o imposto sobre o valor engadido cando sexa recuperable.

Artigo 6. *Permanencia mínima da actividade subvencionada*

O período mínimo de permanencia da actividade subvencionada será de 3 anos desde o pagamento final da axuda polos gastos previstos na letra a) do artigo 5.1. Exceptúanse deste requisito aqueles supostos en que causas de forza maior allea á vontade da/do profesional ou cooperativa que o desenvolve ou a falta de demanda impidan o desenvolvemento da actividade nas condicións establecidas no artigo 2.7.

Artigo 7. *Tipos de axuda e contías*

1. As axudas para gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100 % dos gastos elixibles, cun límite máximo global por casa niño de 15.000 euros.

2. A axuda polo desenvolvemento do proxecto piloto consistirá nunha achega económica de 19.600 €/ano en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andadura. Este importe minorarase proporcionalmente no ano 2017 en función dos meses efectivos de desenvolvemento.



Artigo 8. Procedemento e réxime de aplicación

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

2. As axudas para gastos de investimento estarán cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixe prioritario 10, prioridade de investimento 10.05, obxectivo específico 10.05.01, actuación 10.5.1.6 Actuacións de investimento en casas niño, e están sometidas ao disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e no Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006, así como ao previsto na Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020. Así mesmo, estas axudas ampáranse no réxime *de minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión. Polo tanto, de recibir a persoa física ou xurídica outras axudas baixo o réxime *de minimis*, deberase garantir que non se supera o límite de 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Artigo 9. Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas

1. De acordo co disposto no art. 65.11 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, no caso de concorreren no proxecto outras axudas financiadas con fondos EIE ou outros instrumentos da Unión, serán compatibles a condición de que o mesmo concepto de gasto non estea subvencionado por outro instrumento da Unión, nin polo mesmo fondo Feder conforme un programa operativo distinto.

2. No caso de percibiréense outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como



se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do investimento ou dos gastos de mantemento da actividade.

4. As persoas solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade; usarán o formulario establecido para o efecto nesta orde, o cal terán que volver achegar actualizado sempre que varíe a situación inicialmente declarada.

Artigo 10. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de



vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne ningún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, daranse por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

4. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45 da indicada Lei 39/2015, do 1 de outubro, os citados requirimentos de emenda faranse a través do portal de Benestar da Consellería de Política Social (<http://politicassocial.xunta.gal/>). Excepcionalmente, no suposto de existir imposibilidade de realizar a dita publicación, poderase substituír esta por outro medio de notificación, ben individual ou colectiva.

Sen prexuízo do anterior, os requirimentos poderán ser comunicados aos enderezos electrónicos que se indiquen na solicitude. Esta comunicación non afectará o prazo establecido no punto 3 deste artigo.

Artigo 11. *Documentación*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude, anexo I, a seguinte documentación:

a) Copia da documentación acreditativa de estar en posesión da formación ou da experiencia recollidas nos ordinais 4º e 5º do artigo 4.1.a). No caso de cooperativas de traballo asociado, esta documentación deberá estar referida á/s persoa/s socia/s que desenvolverán o proxecto piloto.

b) Certificado médico oficial acreditativo do estado de saúde. No caso de cooperativas de traballo asociado, esta documentación deberá estar referida á/s persoa/s socia/s que desenvolverán o proxecto piloto.

c) Memoria descritiva en que se recolla a localización xeográfica e o número potencial de nenas/os usuarias/os e se xustifique a súa necesidade e oportunidade, apoiada na



análise da contorna e nos datos oficiais de poboación publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) dos últimos tres anos.

d) Proposta pedagóxica básica asinada pola/s persoa/s que desenvolverá/n o proxecto piloto, que en todo caso deberá abordar os seguintes contidos: período de adaptación, a alimentación, a hixiene, o descanso, hábitos de autonomía persoal e a programación xeral dunha xornada.

e) Descrición do equipamento e materiais que se empregarán no desenvolvemento do proxecto: características e composición de todos os elementos recollidos na letra c) do artigo 4.1.

f) Fotografías de todas as estancias do inmovible e planos á escala e acoutados descritivos do estado actual. De se teren que realizar obras de reforma, tamén se incluírán planos á escala representativos do estado reformado.

g) Informe dos servizos técnicos municipais de que o inmovible proposto presenta ou terá, logo da reforma proposta, as condicións de habitabilidade precisas para o seu uso como vivenda. No suposto de inmovibles non destinados a vivenda, o informe anterior substituirase pola documentación técnica elaborada por profesional con titulación habilitante que, co alcance e definición requiridos polo Código técnico da edificación (CTE), acredite o cumprimento da normativa que sexa de aplicación.

h) Plan de actuación cos nenos/as ante unha emerxencia durante o desenvolvemento do proxecto piloto.

i) Orzamento desagregado dos gastos de investimento segundo o establecido no anexo IV.

j) Documentación acreditativa da inscrición ininterrompida na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses. A demanda de emprego considerárase interrompida se se traballou un período acumulado de 90 ou máis días nos 365 anteriores á data de solicitude.

k) Certificado de discapacidade, de ser o caso, cando non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

l) Documentación acreditativa de ser vítima de violencia de xénero, de ser o caso.



m) Anexo II cuberto cos datos da persoa que se vaia encargar do desenvolvemento do proxecto, no suposto de tratarse de persoas xurídicas.

n) Documentación acreditativa da dispoñibilidade do inmovible durante o período subvencionado (escritura de propiedade, contrato de arrendamento, documento de cesión, etc.)

ñ) Fotografías de todas as adaptacións realizadas.

o) Datos de identificación da persoa que se encargará de substituír á responsable do desenvolvemento do proxecto piloto nos supostos de ausencia, enfermidade ou emerxencia, así como orixinal ou copia cotexada da documentación recollida no artigo 4.1.a).

p) Xustificante de ter contratada unha póliza de seguro que cubra as contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.

q) Alta na Seguridade Social no réxime especial de autónomos, no suposto de persoas físicas, ou afiliación da entidade e de cada unha das súas persoas traballadoras na Seguridade Social, no caso de cooperativas de traballo asociado.

r) Alta no Censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, se é o caso.

2. A documentación prevista nas letras n) á r) do punto 1 deste artigo poderá presentarse ben no momento da solicitude co anexo I ou ben no prazo previsto no artigo 4.2, xunto co anexo III.

3. A Consellería de Política Social reservarase a facultade de solicitar a información complementaria que considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación da solicitude presentada.

4. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, obrigadas á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través



da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas físicas, non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante de forma electrónica supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

7. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentarase por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da entidade interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (DNI)/número de identidade de estranxeiro/a (NIE) ou número de identificación fiscal (NIF), en función de que a persoa solicitante sexa física ou xurídica.

b) Certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.



c) Certificados de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Titulacións académicas mencionadas no artigo 4.1.a) da persoa solicitante ou da que vai desenvolver o proxecto piloto no suposto de cooperativas de traballo asociado.

e) Empadramento da persoa solicitante ou da que vai desenvolver o proxecto piloto no suposto de cooperativas de traballo asociado.

f) Alta no imposto de actividades económicas.

g) Grao de discapacidade, de ser o caso, para os efectos da valoración dos criterios recollidos no artigo 15.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado para esta finalidade no formulario de solicitude e mais no anexo II no suposto de tratarse de cooperativas, e achegar os documentos. A documentación prevista nas letras d) á f) do punto 1 deste artigo poderá presentarse ben no momento da solicitude co anexo I ben no prazo previsto no artigo 4.2, xunto co anexo III, nos casos en que se opoñan á súa consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 13. *Instrución do procedemento*

1. A instrución do procedemento corresponde á Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación, que realizará as correspondentes propostas de resolución.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.



4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, para aquelas que reúnan todos os requisitos e acheguen a documentación necesaria solicitarase un informe dos órganos competentes da Administración autonómica e máis do concello, para comprobar que non existe neste ningún recurso de atención á infancia nos termos previstos no artigo 1.1; tamén se requirirá informe da Subdirección de Proxectos e Accesibilidade da Consellería de Política Social para a verificación do cumprimento dos requisitos arquitectónicos establecidos nesta orde. Feitas estas comprobacións, as que cumpran os ditos aspectos, serán remitidas á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo 15.

5. Os expedientes que, logo do trámite de emenda, no caso de ser procedente, non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase ao arquivamento, sen posibilidade de emenda, das solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

6. A proposta de concesión de subvención realizarase conforme ao informe emitido pola Comisión de Valoración prevista no artigo 14 e recollerá a orde de puntuación e o importe da axuda que corresponda a cada solicitude ata esgotar o crédito dispoñible. En ningún caso se poderá incluír na dita proposta unha solicitude para un concello en que se acadara xa o número de casas niño necesario para dar cobertura á poboación infantil 0-3 que resida nel.

7. Nos supostos de resolución condicionada previstos no artigo 15.7, unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 4.2 desde a súa notificación sen ter recibido a documentación pendente, ou se a recibida non acredita o cumprimento de todos os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano instrutor formulará a correspondente proposta de revogación da resolución de concesión.

Artigo 14. *Comisión de Valoración*

1. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, unha vez instruídos os expedientes constituirase como órgano colexiado unha comisión de valoración que, de acordo cos criterios de baremación de solicitudes establecidos, realizará a selección e emitirá o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada; indicarse a puntuación e a axuda aplicable en cada caso.



2. A Comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e mais na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no relativo aos órganos colexiados, e estará integrada polos seguintes membros:

a) A persoa titular do Servizo de Conciliación Familiar, ou persoa que a substitúa, que actuará como presidenta;

b) A persoa titular do Servizo de Planificación para o Impulso Demográfico

c) Un/unha funcionario/a por proposta da persoa titular da presidencia, que actuará como secretario/a.

Se, por calquera causa, algunha das persoas que compoñen a Comisión de Valoración non puideren asistir cando esta se reúna para o exame das solicitudes, será substituída pola/o funcionaria/o designada/o para estes efectos pola persoa que exerza a presidencia.

3. A Comisión de Valoración, motivadamente, poderá requirir das persoas solicitantes información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

4. A avaliación realizarase segundo os datos oficiais publicados polo IGE e do que resulte da documentación presentada coa solicitude ou reunida de oficio polo órgano instrutor respecto das circunstancias recollidas na letra e) do artigo e 15.1.

Nos casos de solicitudes con igualdade de puntuación terase en conta, para os efectos de resolver o empate, a puntuación obtida criterio a criterio, seguindo a orde en que figuran relacionados, empezando polo primeiro, ata que se produza o desempate; no caso de esgotarse os criterios e persistir o empate, a preferencia determinarase pola data de presentación da solicitude.

5. Unha vez avaliados os expedientes e determinada a axuda que lle corresponde a cada proxecto, a Comisión fixará o limiar mínimo de puntuación necesario para acadar axuda, tendo en conta o crédito orzamentario e os topes xerais establecidos nestas bases. Este limiar mínimo será publicado no portal de Benestar.



Así mesmo, emitirá un informe segundo o cal a Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación formulará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada.

6. En primeira adxudicación, para que esta iniciativa experimental acade a maior cobertura territorial posible na Comunidade Autónoma de Galicia, só se terán en conta as solicitudes para a posta en marcha de casas niño en concellos en que non estea funcionando ningunha.

Igualmente, no suposto de haber máis dunha solicitude relativa a un mesmo concello que acade o limiar mínimo de puntuación necesario para obter a axuda, en primeira adxudicación só se propoñerá unha axuda por concello. Unha vez atendidas, dentro das disponibilidades orzamentarias, todas as solicitudes que acaden o dito limiar teranse en conta, en sucesivas adxudicacións, de ser o caso, o resto de solicitudes para o mesmo concello de acordo coa puntuación e cos criterios establecidos no artigo 15.

7. No informe da Comisión figurarán de xeito individualizado as solicitudes propostas para obter a axuda, especificarase a puntuación que lles corresponde e o importe da concesión que se propón para cada unha delas.

8. Aquelas solicitudes ás que lles falte documentación por tratarse da prevista nos artigos 11.2 e 12.2 e/ou aquelas en que o informe da Subdirección Xeral de Proxectos e Accesibilidade determinase a existencia de deficiencias emendables, serán incluídas no informe para que o órgano instrutor propoña a súa resolución de concesión condicionada á emenda das ditas deficiencias e/ou ao cumprimento de todos os requisitos recollidos no dito artigo no prazo establecido.

9. No caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda pero que non se inclúen na proposta anterior por terse esgotado o crédito dispoñible, quedarán en reserva para seren atendidas, ben co crédito que quedase libre, ben por non terse enviado a documentación no prazo establecido nos supostos de resolución condicionada, ben por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados ou ben por incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución ata a fin do exercicio 2017 conforme o sinalado neste artigo.



Artigo 15. Criterios de valoración

1. A Comisión de Valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliaraas cun máximo de 120 puntos conforme os seguintes criterios:

a) Número de nenos/as de entre cero e tres anos residentes no concello onde se prestará o servizo segundo as cifras oficiais do Padrón municipal de habitantes o 1.1.2016, ata 40 puntos coa seguinte desagregación:

1º. Ata 6 nenos/as: 20 puntos.

2º. Máis de 6 nenos/as: 40 puntos.

b) Número de núcleos de poboación do concello en que se establecerá a casa niño publicados polo IGE no Nomenclátor o 1.1.2016, ata 25 puntos coa seguinte desagregación:

1º. Entre 5 e 20: 15 puntos.

2º. Máis de 20: 25 puntos.

Para estes efectos, enténdese por núcleo de poboación o conxunto de polo menos dez edificacións, que están formando rúas, prazas e outras vías urbanas. O número de edificacións poderá ser inferior a 10, sempre que a poboación que as habita supere os 50 habitantes. Inclúense no núcleo aquelas edificacións que, estando illadas, distan menos de 200 metros dos límites exteriores do citado conxunto, ben que na determinación desta distancia se excluirán os terreos ocupados por instalacións industriais ou comerciais, parques, xardíns, zonas deportivas, cemiterios, aparcamentos e outros, así como as canles ou ríos que poidan ser cruzados por pontes.

c) Número de mulleres residentes no concello en que se establecerá a casa niño de idades comprendidas entre 16 e 45 anos segundo as cifras oficiais do Padrón municipal de habitantes o 1.1.2016, ata 25 puntos coa seguinte desagregación:

1º. Ata 50 mulleres: 10 puntos.

2º. Entre 51 e 100 mulleres: 15 puntos.

3º. Máis de 100 mulleres: 25 puntos.



d) Índice de envellecemento do ano 2016 publicado polo IGE da poboación do concello en que se establecerá a casa niño, ata 20 puntos coa seguinte desagregación:

- 1º. Ata o 300 %: 5 puntos.
- 2º. Entre o 301 e 700 %: 15 puntos.
- 3º. Máis de 700 %: 20 puntos.

e) Contribución á integración laboral de persoas en situación de especial protección: paradas de longa duración, menores de 35 anos, maiores de 55 anos, con discapacidade igual ou superior ao 33 % sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade subvencionada polo órgano competente da Administración autonómica, e mulleres vítimas de violencia de xénero, ata 10 puntos coa seguinte desagregación:

- 1º. Persoas paradas de longa duración: 2,5 puntos.
- 2º. Menores de 35 anos ou maiores de 55 anos: 2,5 puntos.
- 3º. Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %: 2,5 puntos.
- 4º. Mulleres vítimas de violencia de xénero: 2,5 puntos.

No caso de cooperativas de traballo asociado, esta situación deberá estar referida a calquera das persoas socias que desenvolvan o proxecto piloto e non será posible a acumulación de puntos por participar máis dunha persoa de cada grupo indicado.

Artigo 16. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de axudas, logo da fiscalización da proposta, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social.

Con anterioridade a dítase a resolución de concesión, deberá quedar acreditado que a persoa beneficiaria están ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. O prazo para resolver e notificar será de cinco meses, que se computará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase rexeitada.

3. A resolución de concesión comprenderá a identificación da persoa beneficiaria e as obrigas que lle corresponden, a contía da subvención, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución con indicación do método que se aplica para determinar os custos da operación, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección da operación que debe conter o Documento polo que se establecen as condicións de axuda (DECA). Tamén incluírá a comunicación de que a aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión das entidades beneficiarias na lista de operacións que se publicará co contido previsto no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e establecerá as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos.

Nos supostos de resolución condicionada recollerase expresamente esta circunstancia e indicaranse os requisitos de entre os recollidos no artigo 11.2 que deben cumprirse para que esta teña efectos e o prazo establecido para o seu cumprimento.

4. Todos os proxectos subvencionados serán obxecto de inspección por persoal da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social coa finalidade de comprobar que a casa niño é adecuada para o desenvolvemento do proxecto nos termos que se recollen no artigo 4.1.c). A inspección realizarase unha vez recibida toda a documentación prevista no artigo 4 e con anterioridade á súa posta en funcionamento.

Artigo 17. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á



disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade, electrónica ou en papel, escollida para a notificación. No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se ditan ao amparo da presente orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación, se esta fose expresa, ou de seis meses a partir do día seguinte a que se produza o acto presunto.

Artigo 19. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Artigo 20. Obrigas das persoas beneficiarias

1. De conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, as persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano que a concede, sen prexuízo da facultade da Consellería de Política Social de comprobar a realización material das actuacións.

b) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos que se contará a partir do 31 de decembro seguinte á presentación destas contas ante a Comisión Europea, data esta que se comunicará á persoa beneficiaria.

c) Ter unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manter as infraestruturas e equipamentos subvencionados destinadas ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período non inferior ao establecido no artigo 6 desta orde, tal como recolle o artigo 29.4.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro. O incumprimento deste requisito dará lugar á revogación da subvención, co reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención. Ademais, deberá garantirse a durabilidade dos investimentos financiados con fondos Feder nos termos previstos no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

d) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativas aos programas e actuacións realizados a condición de subvencionados pola Xunta de Galicia e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014/2020, segundo o establecido no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e nos artigos 3 ao 5 do Regulamento de execución (UE) nº 821/2014, da Comisión, do 28 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, á presentación de



información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos.

e) Levar un rexistro de persoas usuarias, en soporte papel ou electrónico, onde consten os datos de identidade dos nenos e nenas que se atenden e dos/das proxenitores/as, así como o día e o horario de atención e as autorizacións para a administración de medicamentos, de ser o caso.

f) Cumprir co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, respecto dos datos de carácter persoal que manexen no desenvolvemento do proxecto piloto.

g) Informar o público de que o servizo está financiado pola Xunta de Galicia e polo Feder, así como dos obxectivos dos fondos. No lugar de prestación do servizo colocárase nun lugar destacado e visible un cartel informativo dun tamaño mínimo A3 no cal aparezan os anagramas da Xunta de Galicia e do Feder.

h) Efectuar a xustificación para a percepción da axuda conforme o establecido nesta orde.

i) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

j) Informar sobre o nivel de logro do indicador de produtividade asociado a esta convocatoria de axudas. Este indicador é o seguinte: identificador C035, nome: capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas, unidade de medida: persoas.

k) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e polos servizos de inspección da Consellería de Política Social, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



l) Comunicarlle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, e non superar as porcentaxes máximas de acumulación establecidas na normativa comunitaria europea.

m) Acreditar a realización de revisións médicas anuais co correspondente certificado médico oficial.

n) Contratar un seguro que cubra as contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.

ñ) Poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica todas as situacións que dean lugar á substitución da persoa titular do servizo con anterioridade a que se produza, sempre que non sexa debida a unha situación imprevista ou no prazo de dez días desde que se produzan no resto dos casos. Nestes supostos deberase achegar a documentación xustificativa do contrato laboral e alta na Seguridade Social, así como o certificado médico oficial do estado de saúde da persoa substituta.

o) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Cando as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, desen como resultado que a solicitante ou a beneficiaria ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase para que regularice a situación e presente por si mesma os correspondentes certificados.

p) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

q) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.



2. As persoas beneficiarias teñen a obriga de subministrar información nos termos previstos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Artigo 21. *Xustificación da subvención*

1. As persoas beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente. Cada xustificación comprenderá as actuacións realizadas no ano en curso ata o 30 de novembro e presentarase con data límite do 5 de decembro da correspondente anualidade, sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda que regule as operacións de cerramento do exercicio.

2. Con cada solicitude de pagamento, anexo V, as persoas beneficiarias deberán presentar os rexistros mensuais de asistencia, anexo VI, asinados pola/s persoa/s responsable/s do desenvolvemento do proxecto e mais polos/as pais/nais, titores/as ou gardadores/as legais dos nenos e nenas que acoden á casa niño.

3. Adicionalmente, na xustificación final de cada anualidade, presentarase a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación onde consten todas as prestacións realizadas ás familias, asinada pola persoa responsable da casa niño.

b) Acreditación documental, material e/ou gráfica, a través de fotografías, fotocopias ou capturas de pantallas, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

4. Para xustificar na anualidade 2017 os gastos de investimento realizados presentaranse facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos realizados xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. De acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados pola entidade bancaria e asinados pola persoa representante da entidade bancaria autorizada para os ditos efectos.

Para os efectos desta orde, os gastos de investimento teñen que cumprir os seguintes requisitos: ser gastos da acción, adecuados aos obxectivos da medida a que pertence a



actuación, ser verificable documentalmente a súa realización e ser realizados e efectivamente pagados dentro do período establecido no artigo 5.2.

Sempre que o custo elixible do investimento que se subvenciona supuxese un gasto superior a 50.000 euros, a persoa beneficiaria deberá acreditar a solicitude de, como mínimo, tres ofertas de distintos provedores. Ademais, será necesario achegar como xustificación unha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Non será necesario acreditar as tres ofertas no caso de que polas especiais características dos gastos que se subvencionan non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan ou presten. A persoa beneficiaria neste suposto debe prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

5. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos formais:

a) Deberán ser orixinais ou fotocopias compulsadas e cada factura deberá conter unha explicación detallada do gasto en relación coa acción subvencionada, así como o prezo unitario.

b) Conterán os datos identificativos de quen a expide (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e enderezo), así como do/da destinatario/a, que deberá ser a persoa física ou xurídica subvencionada.

c) Incluirán o IVE correspondente ou o imposto equivalente. Cando a cota se repercute dentro do prezo, deberá indicarse «IVE incluído», así como o lugar e a data.

d) Xuntarase o comprobante bancario do seu pagamento (orixinal ou fotocopia compulsada).

Se a transferencia engloba varias facturas, achegarse a relación destas. Non se admitirán xustificantes de aboamento en metálico. Os pagamentos mediante transferencia bancaria, salvo que sexan telemáticos, deberán vir conformados ou verificados pola entidade bancaria.

6. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da axuda e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de mora.



Artigo 22. *Pagamento*

1. Unha vez xustificada cada anualidade da subvención e antes de proceder ao seu pagamento, o órgano instructor requirirá da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social a verificación do cumprimento da actividade subvencionada.

2. Sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda que regule as operacións de cerramento do exercicio, na anualidade 2017 as persoas beneficiarias percibirán un pagamento de ata o 80 % da cantidade da subvención concedida para gastos de investimento en concepto de pagamento anticipado, con anterioridade á xustificación da axuda, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión, ou do cumprimento de todos os requisitos e condicións previstos nesta orde nos supostos de concesión condicionada, limite que será comprobado polos servizos de inspección da Consellería de Política Social con carácter previo ao libramento de fondos. O importe restante que corresponda para completar o pagamento dos gastos de investimento realizados librase logo da súa xustificación e da xustificación da prestación do servizo nas condicións exixidas nesta orde e da comprobación material destes aspectos.

3. En relación co pagamento da prima polo desenvolvemento do proxecto, as persoas beneficiarias percibirán na anualidade 2017, con anterioridade á xustificación da axuda, un pagamento de ata o 80 % da cantidade da subvención que lles corresponda pola atención relativa á dita anualidade en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo a partir da comunicación de autorización de inicio da actividade.

Nas sucesivas anualidades realizarase, unha vez que se abra contablemente o correspondente exercicio orzamentario, un pagamento anticipado de ata o 35 % da subvención que corresponda por este concepto.

O importe restante librase nas sucesivas anualidades logo da xustificación polas persoas beneficiarias do desenvolvemento do proxecto piloto nas condicións exixidas nesta orde e da comprobación material destes puntos. O importe total da subvención en 2017 establecerase en función dos meses efectivos de funcionamento.

Por solicitude da persoa beneficiaria realizaranse pagamentos á conta da liquidación definitiva cuxo importe total non poderá superar o 90 % da contía anual da subvención concedida. En todo caso deberá presentarse unha solicitude de pagamento relativa ás actuacións realizadas en cada anualidade con data límite do 5 de decembro de cada unha delas.



4. Antes de proceder ao pagamento de cada liquidación final anual, o órgano xestor incorporará ao expediente a acreditación de que as adxudicatarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 23. Incumprimento, revogación e reintegro de axudas

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das obrigas previstas no artigo 20 e, concretamente:

a) O incumprimento da finalidade ou do obxectivo para o cal se concedeu a subvención ou da obriga de xustificar a realización da actuación e a non permanencia mínima da actividade subvencionada, nos termos dispostos no artigo 6 e tendo en conta o disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

b) A obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos.

2. Para os efectos desta orde, considéranse supostos de reintegro parcial:

a) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas e os investimentos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con fondos Feder, que suporá a perda dun 2 % da subvención concedida.

b) Non dar publicidade ao financiamento dos investimentos que sexan obxecto de subvención, de acordo co establecido no artigo 16.1.c), que suporá a perda dun 2 % da subvención concedida.

c) Non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, que suporá a perda dun 5 % da subvención concedida. Esta porcentaxe do 5 % aplicarase unha vez descontado o exceso obtido sobre os topos máximos legalmente establecidos.



d) Non manter os investimentos obxecto da subvención durante o período de 5 anos, o que suporá o reintegro da subvención correspondente ao activo non mantido, de forma proporcional ao período en que se incumprise este requisito.

No caso de condicións que constitúan obrigas que a entidade beneficiaria debe acreditar en fase de xustificación, tales como obrigas de publicidade ou comunicación doutras axudas, estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pagamento da subvención, polo que a graduación fixada neste punto só resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso de que se detecte en controis posteriores ao pagamento algún incumprimento relativo ás ditas obrigas.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os puntos anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82-2080-0300-87-3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 24. *Infraccións e sancións*

Ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 25. *Control e verificación*

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento; ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e ás de comprobación e control obrigadas pola normativa comunitaria de aplicación.



Artigo 26. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación son autorizados polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a dita secretaria xeral, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos, cuxo obxecto, entre outras finalidades, é a xestión, o seguimento, o control, a coordinación e o estudo da execución e a avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea. O órgano responsable deste ficheiro é a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal.

Artigo 27. Publicidade e información

1. Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, a entidade local beneficiaria deberá cumprir os seguintes requisitos de publicación e comunicación:

a) Recoñecer en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o apoio da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional da Xunta de Galicia, e amosar:

1º. O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.



2º. Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto.

3º. Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».

b) Comunicar durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento:

1º. Mostrando unha breve descrición do proxecto na páxina de inicio do seu sitio da internet, no caso de que dispoña dun, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, dos seus obxectivos e resultados e destacando o apoio financeiro da Xunta de Galicia e da Unión.

2º. Colocando polo menos un cartel, dun tamaño mínimo A3, con información sobre o proxecto, no cal se mencionará a axuda financeira da Xunta de Galicia e da Unión, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio.

c) De facer uso de aplicacións informáticas, realizar as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación: «axuda», «acerca de» ou similares. Cando se elaboren materiais divulgativos do recurso, como cadernos, folletos ou notas informativas, recoller na contraportada das devanditas publicacións as citadas referencias.

2. No portal de Benestar informarase das características do devandito cartel e dos logos e lendas de obrigada inclusión.

Artigo 28. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, publicarase na páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluiranse, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 29. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código BS403C, poderase obter documentación normalizada ou información no enderezo <https://sede.xunta.es>, na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, nos servizos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, ou do portal de Benestar <http://benestar.xunta.gal>; do teléfono 012, no enderezo electrónico demografiaeconciliacion@xunta.gal ou de xeito presencial.

Disposición adicional única. Delegación de competencias

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para ditar instrucións

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria, as cales serán obxecto de publicación no portal de Benestar.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

José Manuel Rey Varela
Conselleiro de Política Social




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A POSTA EN MARCHA DE CASAS NIÑO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS403C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante			
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:			
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (poderá ser cambiado en calquera momento da tramitación do procedemento)			
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.			
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)			
As notificacións que se efectúen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao contido de las de forma voluntaria.			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS		
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.		
TITULAR DA CONTA	BIC	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 díxitos)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CASA NIÑO			
NOME			
<input type="text"/>			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	


 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: m1w05v11-qbg3-n2k2-hta5-zdq33rb1h30


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se concede a axuda solicitada.
2. Que se compromete, expresamente, a presentar a documentación non achegada coa solicitude, acompañada do anexo II, no prazo previsto no artigo 4.2 desta orde
3. Que se compromete expresamente ao mantemento da actividade subvencionada durante o período establecido no artigo 5 desta orde.
4. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO ⁽¹⁾	IMPORTE (€)
TOTAL		

5. Que en relación con axudas de minimis:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de minimis.
- Solicitou e/ou se lle concederon axudas de minimis, que son as que a continuación se relacionan:

DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO ⁽¹⁾	IMPORTE (€)
TOTAL		

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

6. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Así mesmo, comprométese a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

<input type="checkbox"/> Copia da documentación acreditativa de estar en posesión da formación ou da experiencia recollidas no artigo 4.1.a)			
<input type="checkbox"/> Certificado médico oficial acreditativo do estado de saúde			
<input type="checkbox"/> Memoria descriptiva en que se recolla a localización xeográfica e o número potencial de nenas/os usuarias/os e se xustifique a súa necesidade e oportunidade, apoiada na análise da contorna e nos datos oficiais de poboación publicados polo IGE dos últimos tres anos			
<input type="checkbox"/> Proposta pedagóxica básica asinada pola persoa que desenvolverá o proxecto e que aborde os contidos mínimos expresados na orde			
<input type="checkbox"/> Descrición do equipamento e materiais que se empregarán no desenvolvemento do proxecto (características e composición)			
<input type="checkbox"/> Fotografías de todas as estancias do inmovible e planos á escala e acoutados descriptivos do estado actual. De terse que realizar obras, tamén se incluírán planos á escala representativos do estado reformado			
<input type="checkbox"/> Informe dos servizos técnicos municipais sobre as condicións de habitabilidade ou documentación técnica elaborada por profesional habilitado			
<input type="checkbox"/> Plan de actuación cos nenos/as ante unha emerxencia			
<input type="checkbox"/> Orzamento desagregado dos gastos de investimento (anexo IV)			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da inscrición ininterrompida na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses			
<input type="checkbox"/> Anexo II cuberto cos datos da persoa que se vaia encargar do desenvolvemento do proxecto, no suposto de tratarse de persoas xurídicas			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da dispoñibilidade do inmovible durante o período subvencionado (escritura de propiedade, contrato de arrendamento, documento de cesión)			
<input type="checkbox"/> Fotografías de todas as adaptacións realizadas			
<input type="checkbox"/> Datos de identificación da persoa que se encargará de substituír á responsable do desenvolvemento do proxecto piloto			
<input type="checkbox"/> Xustificante de ter contratada unha póliza de seguro que cubra as contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada			
<input type="checkbox"/> Alta na Seguridade Social no réxime especial de autónomos			
<input type="checkbox"/> Alta no censo de obrigados tributarios, de ser o caso			
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade ou do grao de dependencia, de ser o caso, cando non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, de ser o caso	<input type="checkbox"/>		




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos devanditos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> NIF no caso de persoa xurídica	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Inexistencia de antecedentes por delitos sexuais	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día das obrigas tributarias ca AEAT	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día de pagamentos coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día do pagamento coa Administración de Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Titulacións académicas mencionadas no artigo 4.1.a) da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Empadramento da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Alta no imposto de actividades económicas	<input type="checkbox"/>
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Grao de discapacidade, de ser o caso	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico sxt.politicasocial@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 13 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DA PERSOA QUE VAI DESENVOLVER O PROXECTO PILOTO NO CASO DE COOPERATIVAS**DATOS DA PERSOA QUE VAI DESENVOLVER O PROXECTO**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Alta na Seguridade Social no réxime especial de autónomos
 Alta no Censo de obrigados tributarios, de ser o caso

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos devanditos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> Verificación da identidade	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Inexistencia de antecedentes por delitos sexuais	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día das obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día de pagamentos coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificación de estar ao día do pagamento coa Administración de Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Titulacións académicas mencionadas no artigo 4.1.a)	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Empadramento	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Alta no imposto de actividades económicas	<input type="checkbox"/>
MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Grao de discapacidade, de ser o caso	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico sxt.politicasocial@xunta.gal

SINATURA DA PERSOA QUE VAI DESENVOLVER O PROXECTO

Lugar e data , de de

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO III

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN NON ACHEGADA COA SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF


NOME DA CASA NIÑO

CONCELLO

- Documentación acreditativa da dispoñibilidade do inmovible durante o período subvencionado (escritura de propiedade, contrato de arrendamento, documento de cesión, etc)
- Fotografías de todas as adaptacións realizadas
- Datos de identificación da persoa que se encargará de substituír a responsable do desenvolvemento do proxecto piloto nos supostos de ausencia, enfermidade ou emerxencia, así como a documentación recollida no artigo 4.2.a)
- Xustificante de ter contratada unha póliza de seguro que cubra as continxencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada
- Outros documentos:

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


PREVISIÓN DE GASTOS DA CASA NIÑO
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF


NOME DA CASA NIÑO

GASTOS PREVISTOS

GASTOS	
DISTRIBUCIÓN	CONTÍA (€)
Obras de reforma	
Mobiliario	
Materiais didácticos	
Xoguetes	
Outros gastos (especificar):	
TOTAL GASTOS	

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO V

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CASA NIÑO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

NOME DA CASA NIÑO

CONCELLO

SOLICITA

Que se aboe a parte da subvención da casa niño correspondente ao período de da anualidade en curso, para o que achega a seguinte documentación:

- Rexistros mensuais de asistencia asinados polos pais, nais, tutores/as ou gardadores/as legais dos nenos e nenas que usan o servizo (anexo vi)

Adicionalmente, na xustificación final de cada anualidade, achegarase a seguinte documentación:

- Memoria de actuación asinada pola persoa responsable do desenvolvemento do proxecto
- Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas...) do cumprimento do deber de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada
- Relación de facturas dos gastos de investimento e facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente do total de gastos realizados xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento, só na anualidade 2017

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVIMENTO REGIONAL
"Unión europea de la Unión Europea"

UNIÓN EUROPEA



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




ANEXO VI
REXISTRO MENSUAL DE ASISTENCIA Á CASA NIÑO

NOME DA CASA NIÑO CONCELLO
 PERSOA RESPONSABLE DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO NIF MES

DATOS DO/A NENO/A							PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACEMENTO	SEXO	DÍAS DE ASISTENCIA MENSUAL	HORARIO DE ASISTENCIA DIARIO	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	SINATURA

SINATURA DA PERSOA RESPONSABLE DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Lugar e data , de de



ANEXO VII
Baremo de admisión da casa niño

No suposto de que a demanda sexa superior á oferta, as prazas adxudicaranse segundo o que resulte da aplicación do seguinte baremo:

Situación económica.

Renda per cápita mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 30 % do IPREM	+8 puntos
- Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do IPREM	+7 puntos
- Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do IPREM	+6 puntos
- Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do IPREM	+5 puntos
- Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do IPREM	+4 puntos
- Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do IPREM	+3 puntos
- Do 150 % ao 200 % do IPREM	+2 puntos
- Superior ao 200 % do IPREM	+1 punto

Enténdese por unidade familiar a formada polo pai, a nai e os fillos/as menores de 18 anos, agás que teñan algunha discapacidade.

No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Enténdese por familia monoparental a formada por un único proxenitor/a con fillos/as menores de 18 anos ou maiores con algunha discapacidade, que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor/a non contribúa economicamente ao seu sustento.

